

**BASTA DE REGALAR DIÑEIRO Á BANCA E ÓS EMPRESARIOS!**

**8 DE XUÑO**

# **FOLGA XERAL DE ESTUDANTES CONTRA O PLAN DE AXUSTE DO GOBERNO**

**Que a crise a paguen os capitalistas!  
Obreiros e Estudantes unidos na loita!**



Sindicato de Estudantes

Os capitalistas, os banqueiros e os empresarios, que provocaron a crise da economía e conseguiron beneficios millonarios durante moitos anos, deben ser quen paguen agora. Rexeitamos a lóxica dun sistema económico inxusto, o capitalismo, que antepón o beneficio dunha reducida minoría ó benestar da maioría.

### **Un plan de axuste contra a clase obreira e a mocidade**

O goberno do PSOE, que ata fai ben pouco nos dicía que non recortaría os gastos sociais e non aplicaría ningún ataque contra os máis débiles, lanzou fai uns días un plan salvaxe de recortes sociais contra os traballadores e os pensionistas que empeorará as condicións de vida de centos de miles de familias traballadoras: rebaixa un 5% o soldo dos traballadores do sector público, conxela as pensións en 2010 coa consecuente perda do poder adquisitivo para os xubilados, suprime a axuda de 2.500 euros ás familias por cada fillo e reduce o investimento público estatal en 6.450 millóns de euros. Estes ataques son o colofón á redución dos orzamentos do ensino público e a todas as medidas de privatización e elitización, como o plan Boloña, que os estudantes sufrimos nestes anos.

Pero estes ataques non serán os últimos. O goberno ten previsto aprobar unha reforma laboral que de levar á práctica suporá, entre outras moitas cousas, un empeoramento nas condicións laborais para os máis novos e un abaratamento do despedimento. A educación pública tamén se atopa ameazada. Nos últimos meses, o Sindicato de Estudantes desenvolveu unha campaña en contra do Pacto Educativo lanzado polo Ministro de Educación, cuxo obxectivo non é outro que favorecer aínda máis ó ensino privado-concertado, dificultar o acceso á universidade dos fillos dos traballadores a través de aumentar o custo das matrículas e endurecer a selectividade, ó que hai que sumar o recorte dos nosos

dereitos democráticos. Todas e cada unha destas contrarreformas forman parte dun plan integral que pretende un único fin: que os pratos rotos da crise os paguen os traballadores e as súas familias.

### **Hai que mobilizarse para botar atrás o plan de axuste e obrigar ó PSOE a que aplique unha política de esquerdas**

O argumento co que pretenden convencernos para que aceptemos estes novos sacrificios é que non hai diñeiro para soste dereitos sociais como a sanidade e a educación pública, salarios dignos, estabilidade no emprego ou pensións que permitan ós nosos maiores vivir sen dificultades. Pero isto non é certo. Unha das primeiras medidas que se adoptaron á calor da crise foi un plan de 150.000 millóns de euros para rescatar á banca privada. A iso hai que sumar os 23.000 millóns de euros que se destinarán este ano a pagar os intereses da débeda do Estado cos banqueiros. Mentres se pon esta inmensa fortuna a disposición dos máis ricos, recórtanse os gastos sociais en 50.000 millóns de euros e permítese que centos de miles de traballadores engorden as filas do paro.

Zapatero chegou ó goberno grazas ó voto de millóns de traballadores e mozos de esquerdas que acabaron, tras mobilizacións masivas na rúa, co pesadelo do goberno de Aznar e o PP. Con todo, lonxe de aplicar medidas sociais que protexan os intereses das familias traballadoras, dos parados e a mocidade, o goberno está cedendo ás presións da dereita, os banqueiros e os empresarios. É necesario mobilizarse de forma unitaria, masiva e contundente para que o goberno sinta a presión da maioría da sociedade, de todos aqueles que non temos ningunha responsabilidade na crise e que con todo somos as súas únicas vítimas.

### **A mocidade debe loitar en primeira liña contra a crise capitalista**

Por todo iso, o Sindicato de Estudantes chama ós estudantes a participar de xeito conxunto cos traballadores do sector público na folga do 8 de xuño xun-



to cos sindicatos de clase, CCOO, UGT, CGT, CIG. Ese día, 8 de xuño, o Sindicato de Estudantes convoca á folga xeral ó estudantado de todo o Estado, demostrando así o rexeitamento da mocidade contra o plan de axuste. A loita dos traballadores é a nosa loita, moito máis cando no estado español o desemprego xuvenil é superior ó 40%, máis do 60% entre os mozos de 18 a 20 anos, e a inmensa maioría dos mozos que traballan non cobran nin sequera mil euros.

O sistema capitalista que nos condena ó desemprego e a explotación, a salarios de miseria e contratos precarios, intenta criminalizar á mocidade a través dos medios de comunicación e dunha campaña de propaganda permanente. Fronte a todo iso, nós respondemos esixindo o noso dereito a unha educación pública de calidade, científica, laica e democrática, e a un posto de traballo ó finalizar os estudos, sen precariedade e sen salarios de miseria. Queremos estudar e queremos traballar!!! Somos nós, a mocidade, quen acusamos ó capitalismo por negarnos un futuro digno.

A folga do día 8 de xuño é un primeiro paso. Xunto á nosa activa participación na folga e nas manifestacións é necesario que nos organicemos sumando máis forzas para responder a estes e a novos ataques. Hai que organizar Comités de Loita contra a crise capitalista en todos os centros de estudo. Afiliate e axuda a fortalecer ó Sindicato de Estudantes.

### Os traballadores gregos marcan o camiño

Non se trata só do Estado español. Tras o plan de axuste salvaxe aprobado polo parlamento grego fai unhas semanas, todos os gobernos europeos lanzaron ataques nas mesmas liñas. Xa sexa en Francia, Alemaña, Portugal, Gran Bretaña ou Italia, o custo da orxía especulativa de bancos e multinacionais que, aínda por riba, agora estanse enriquecendo especulando coa débeda pública emitida polos estados, ten que ser custeada reducindo os gastos sociais, o diñeiro destinado ó ensino, á sanidade, ó subsidio de desemprego ¡Xa abonda de que os sacrificios da maioría sirvan para manter os privilexios dunha minoría!

Con todo, desde Europa non só nos chegan noticias de ataques e recortes, tamén nos chega o exemplo de determinación e loita da clase obreira e a mocidade grega, que se mobiliza en numerosas folgas xerais masivas, en defensa dos seus dereitos. Este é o camiño a seguir!

### CCOO e UGT deben convocar xa unha folga xeral de 24 horas

Os dirixentes de CCOO e UGT teñen unha gran responsabilidade nas súas mans. Durante meses, co argumento de que “non existían ataques”, apostaron pola negociación e o acordo co goberno e a patronal, evitando convocar mobi-

lizacións contundentes e masivas. Esta actitude, lonxe de evitar ataques, envalentou ós empresarios e ós banqueiros, que non deixaron de presionar ó goberno para que abarate o despedimento, reduza o gasto social ou prolongue a idade de xubilación. É evidente que esta estratexia non serve.

Necesitamos unha alternativa de loita que estea á altura dos plans que queremos botar atrás. Non estamos ante un ataque illado. Todos os sectores e todos os dereitos sociais da clase obreira están ameazados. Xa sexan os traballadores do sector público ou da empresa privada, os parados, os pensionistas ou os estudantes que en pouco tempo teremos que incorporarnos ó mercado laboral, todos estamos afectados por esta crise e os plans que o goberno está aplicando. A mellor resposta, a máis efectiva e poderosa, é unha mobilización unificada, que demostre a forza que os traballadores e a mocidade posuímos cando loitamos unidos, e o mellor xeito de logralo é a través dunha folga xeral de 24 horas en todo o Estado. Esta é a alternativa máis consecuente: CCOO e UUGT deben organizala xa, pondo data á mesma, e desenvolvendo unha ampla campaña de asembleas nos centros de traballo e de estudo, e nos barrios de todas as cidades e localidades, para crear comités de folga e debater as reivindicacións da mesma.

## Retirada inmediata dos plans de axuste Que a crise a paguen os culpables: os capitalistas

- **Por unha educación pública, científica, democrática, laica e gratuíta.**
- **Por un posto de traballo digno ó finalizar os estudos, ou subsidio de desemprego indefinido de 1.100 euros ó mes.**
- **Ningún recorte en salarios, sanidade, educación e pensións. Aumento drástico do gasto público nos servizos sociais para dar emprego ós centos de miles de traballadores e novos licenciados en desemprego.**

Si que hai riqueza na sociedade para levar á práctica estas medidas, o que falta é unha política autenticamente socialista para pola ó servizo da maioría e que defenda, entre outras, estas medidas:

- **Aumento drástico dos impostos ás grandes fortunas e ós beneficios empresariais e á banca.**
- **Nacionalización da banca baixo o control democrático dos traballadores e as súas organizacións.**
- **Defender todos os postos de traballo. Contra o paro, nacionalización das empresas ameazadas de peche baixo control dos traballadores e as súas organizacións.**

**ÚNETE Ó SINDICATO DE ESTUDANTES!**

**TODOS ÁS MANIFESTACIÓNS!**

**www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net**

• **Compostela:** 981 563 100 (extensión 12867) / 675 952 798 • **Coruña:** 656 457 257

• **Vigo:** 628 001 270 • **Ferrol:** 678 420 888

• **SEDE ESTATAL:** 914 718 213 Fax: 914 280 397 [sindicato@sindicatodeestudiantes.net](mailto:sindicato@sindicatodeestudiantes.net)